

Estimadas familias:

Lembrámoslles que deben ler o protocolo de comedor colgado na web do colexio.

Nesta circular aparecen algúns dos puntos que deben ter en conta para cando comeceen ao comedor:

- O correo electrónico para notificar a asistencia en días esporádicos é:

[comedorcolexioquiroga@gmail.com](mailto:comedorcolexioquiroga@gmail.com)

E tal como figura no protocolo, deben comunicalo antes das dúas da tarde (14.00h) do día anterior. Se é para un luns, antes das 14:00 do venres.

- Recollida do alumnado ás 15:30 horas, excepto os alumnos da ESO, os martes, que xa quedan no colexio, e o alumnado de actividades extraescolares.
- Calquera intolerancia ou alerxia deberá vir acompañada dun informe médico.
- Cada mes teredes o menú subido na web do colexio.
- O alumnado de educación infantil e primaria(1º e 2º) deberá traer un mandilón de cadros grandes vermellos (semellante ao de infantil pero en cor vermello). E o levarán a casa o último día da semana.
- Todo o alumnado que quede a actividades extraescolares traerá unha bolsa de aseo con cremalleira e o seu nome, na que depositará os útiles para o cepillado e a hixiene dos dentes (cepillo, paste e un vasiño).
- Deben figurar sempre dous números de teléfono de contacto, como mínimo.
- O custo do mes completo será de 135 €.
- O custo do menú cando sexan días soltos será de 7,50 € por día.
- A partir do segundo irmán ou irmá, farase un descontó do 10%, en caso de asistir todo o mes.
- En caso de separación matrimonial, a efectos de posibles saídas, deberá comunicarse ao responsable quen vai recoller habitualmente ao alumno/a. Tamén se deberá cubrir a correspondente autorización cando a persoa que vaia recoller ao alumno/a sexa distinta do seu pai /nai/titor. Deberá adxuntar fotocopia do DNI.

✂ .....

Devolver ao centro cuberto e asinado.

Eu ..... pai /nai/ titor legal de  
.....  
do curso ..... son coñecedor do protocolo de comedor e acepto as normas.

Data:

Sinatura: